

www.udc.gal



SAPE
(Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante)
www.udc.es/sape
Facebook: SAPE UDC
Twitter: @SAPE_UDC

Facultade de Economía e Empresa
www.economicas.udc.es
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
http://euat.udc.es/

Saídas profesionais

As saídas profesionais, ao seren as propias de cada unha das titulacións (sendo arquitecto técnico ademais unha profesión regulada), achegan ás persoas que cursen a simultaneidade competencias orientadas ao emprendemento ou a empregabilidade

en postos superiores no contorno empresarial ou institucional, nomeadamente naqueles relacionados coa actividade profesional da xestión económica no sector da Edificación. Existe un elevado número de perfís profesionais que no ámbito da Edificación a nivel internacional combinan competencias para a xestión económica e empresarial xunto coas competencias técnicas dos arquitectos técnicos. A dobre titulación responde á necesidade da formación precisa para o seu desempeño.

Dez motivos para estudar simultaneamente Arquitectura Técnica e Ciencias Empresariais na UDC

1. En once cuatrimestres, a/o estudante obterá dous graos oficiais cunha plena adquisición de competencias en ambas as dúas titulacións.
2. Os estudos desenvolveranse en dous centros caracterizados pola súa orientación á docencia de calidade e innovación nos sistemas de estudo.
3. O profesorado ten experiencia acreditada como docente e/ou como profesional nas distintas materias que se imparten.
4. Os/as estudantes terán á súa disposición todos os medios técnicos e humanos que posibilitan unha aprendizaxe de calidade.
5. As clases teñen tamaño reducido para posibilitar unha mellor adquisición de coñecementos e un contacto directo e permanente co profesorado.
6. A estrutura da docencia (expositiva, interactiva, tutoría en pequeno grupo, laboratorios, etc.) permite a adquisición de sólidos fundamentos teóricos e a súa aplicación a problemas reais do mundo do traballo.
7. Ao se tratar dunha simultaneidade de estudos cunha esixente programación temporal e de contidos, o/a estudante compartirá clases, traballos, etc. con outros/as alumnos/as de elevado rendemento académico e isto redundará positivamente na súa formación integral.
8. Existe a posibilidade de realización de prácticas externas para introducir o/a estudante nos problemas reais que no futuro terán que abordar na súa vida profesional.
9. Os programas de mobilidade permitirán que os/as estudantes poidan realizar parte da súa formación en universidades estranxeiras.
10. O estudante poderá acceder ao mercado do traballo cunha formación de alto nivel que o diferenciará positivamente na busca de emprego.

Quinto Curso (2018-2019)

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Medicións, orzamentos e control económico	Obrigatoria	6
Sistema Financeiro Español	Obrigatoria	6
Inglés Empresarial	Obrigatoria	6
Contabilidade de Sociedades	Obrigatoria	6
Análise Estados Financeiros	Obrigatoria	6
Xestión inmobiliaria, taxacións e peritacións	Obrigatoria	6
Patoloxía e Rehabilitación	Obrigatoria	6
Proxectos Técnicos II	Obrigatoria	6
Estruturas III	Obrigatoria	6
Instalacións III	Obrigatoria	6
Seguridade e Prevención	Obrigatoria	6
Xestión calidade, seguridade e medio ambiente	Obrigatoria	6

Sexto Curso (2019-2020)

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Materias optativas *	Optativas	12
TFG Ciencias Empresariais	Obrigatoria	12
TFG Arquitectura Técnica	Obrigatoria	12
Prácticas Externas	Optativa	12
Economía e xestión da Empresa familiar	Optativa	6
Fundamentos de márketing	Optativa	6
Sistemas de Información para a xestión financeira da empresa	Optativa	6
Patrimonio arquitectónico galego	Optativa	6
Deseño de interiores, xardinaría e paisaxe	Optativa	6
Inglés Técnico	Optativa	6

AT+CE

Programa de Simultaneidade ARQUITECTURA TÉCNICA + CIENCIAS EMPRESARIAIS

Graos da
Universidade
da Coruña

Plan de estudos

(Curso de Implantación)

Primeiro Curso (2014-2015)

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Principios de Microeconomía	Básica	6
Ec. Empresa: Función Organizativa	Básica	6
Historia da Empresa	Básica	6
Matemáticas I	Básica	6
Introdución á Socioloxía Industrial e da Empresa	Básica	6
Economía da Empresa: Función Financeira	Básica	6
Dereito Privado da Edificación	Básica	6
Física Aplicada	Básica	6
Materiais I	Básica	6
Xeometría Descritiva	Básica	6
Construción I	Básica	6
Expresión Gráfica Arquitectónica I	Obrigatoria	6

Segundo Curso (2015-2016)

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Economía Mundial e Española	Obrigatoria	6
Matemáticas II	Obrigatoria	6
Réxime Fiscal da Empresa I	Básica	6
Estatística I	Obrigatoria	6
Contabilidade Financeira I	Básica	6
Macroeconomía	Obrigatoria	6
Física Aplicada II	Básica	6
Dereito Público da Edificación	Básica	6
Instalacións I	Obrigatoria	6
Materiais II	Básica	6
Construción II	Obrigatoria	6
Xeometría da Representación	Básica	6

Terceiro Curso (2016-2017)

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Organización de Empresas	Obrigatoria	6
Contabilidade Financeira II	Obrigatoria	6
Estatística II	Obrigatoria	6
Dirección Financeira I	Obrigatoria	6
Informática Aplicada á Empresa	Obrigatoria	6
Réxime Fiscal da Empresa II	Obrigatoria	6
Estruturas I	Obrigatoria	6
Materiais III	Obrigatoria	6
Topografía	Obrigatoria	6
Expresión Gráfica Arquitectónica II	Obrigatoria	6
Construción III	Obrigatoria	6
Instalacións II	Obrigatoria	6

Cuarto Curso (2017-2018)

Materia	Tipo de materia	Créditos ECTS
Análise das Operacións Financeiras	Obrigatoria	6
Bases de datos para a Empresa	Obrigatoria	6
Introdución á Econometría	Obrigatoria	6
Dirección Financeira II	Obrigatoria	6
Dereito Traballo e Seguridade Social	Obrigatoria	6
Réxime Fiscal da Empresa III	Obrigatoria	6
Estruturas II	Obrigatoria	6
Organización, programación e control	Obrigatoria	6
Proxectos Técnicos I	Obrigatoria	6
Equipos, medios auxiliares e de seguridade	Obrigatoria	6
Construción IV	Obrigatoria	6
Dirección, xefatura e xestión obras	Obrigatoria	6

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que se poidan cursar de forma simultánea os estudos de grao en Arquitectura Técnica e grao en Ciencias Empresariais, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Escola Universitaria de Arquitectura Técnica e pola Facultade de Economía e Empresa sobre os plans de estudos oficiais. A impartición das disciplinas deste Programa de Simultaneidade será de xeito independente á equivalente no Grao en Arquitectura Técnica e no Grao en Ciencias Empresariais. En consecuencia realizarase en cada cuatrimestre no centro que corresponder segundo as disciplinas que se van impartir.

Titulacións que se obteñen

Graduado/a en Arquitectura Técnica pola UDC. Graduado/a en Ciencias Empresariais pola UDC.

Duración do programa

Once cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa de simultaneidade dos dous graos é de 396 ECTS.

Centro onde se imparte

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Campus da Zapateira. A Coruña (Centro responsable a efectos de xestións administrativas).

<http://euat.udc.es/>

Facultade de Economía e Empresa. Campus de Elviña. A Coruña.

www.economicas.udc.es